

Este presente documento estará  
 exposto no Taboleiro de  
 Anuncios desta Deputación  
 desde o día 29-06-2026  
 ata o día 29-07-2026  
 O XEFE DA UNIDADE  
 PORTERÍA E VIXIANCIA

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

#### Anuncio

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 26 DE XUÑO DE 2026 NA QUE SE MODIFICA A DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS VETERINARIO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023 E 2024.**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

*"Por resolución da presidencia de data 08.06.2026, aprobouse a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, a composición do Tribunal cualificador e as datas previstas para a sesión de constitución e para a realización do primeiro exercicio do procedemento selectivo para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo, en dúas (2) prazas denominadas veterinario/a, incluídas na OEP do ano 2023 e 2024 (BOP núm. 131, do 10.06.2026).*

A devandita resolución foi publicada no taboleiro de anuncios e páxina web da entidade o 10.06.2026.

*Por razóns organizativas e de funcionamento do procedemento selectivo, resulta necesario modificar as datas inicialmente fixadas para a constitución do Tribunal cualificador e para a realización do primeiro exercicio da oposición, mantendo o resto de pronunciamentos contidos na resolución da presidencia de data 08.06.2026*

*Á vista do anterior e para cumprimento do establecido na base xeral 7.4 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades conferidas no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 54 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020),*  
**RESOLVA:**

1º.- *Modificar a resolución de presidencia de data 08.06.2026, publicada no BOP núm. 131, do 10.06.2026, no relativo ás datas sinaladas para a sesión de constitución do Tribunal e para a realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.*

2º.- *Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o martes día 8 de setembro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.*

3º.- *Citar aos membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o martes día 15 de setembro de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sítas en Canella da Deputación, núm.2., ao obxecto de realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo.*

4º.- *Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.*"

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 26 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1733

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 29-06-2026  
ata a día 29-07-2026  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

